

ESCOLAS DE VERÁN 2012

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

Prazo de inscrición: Do 23 de maio ao 2 de xuño

DATAS DE REALIZACIÓN DO PROGRAMA:

- Opción 1: 25, 26, 27, 28, e 29 de xuño
- Opción 2: mes de xullo
- Opción 3: 1ª quincena de xullo
- Opción 4: 2ª quincena de xullo
- Opción 5: xuño e xullo
- Opción 6: Días soltos

DESTINATARIOS: nenos e nenas que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria de Santiago.

LUGARES DE REALIZACIÓN DO PROGRAMA:

- CEIP Raíña Fabiola (Rúa Entregaleras, 15)
- CEIP Ramón Cabanillas (Rúa Jose Antonio Souto Paz, nº 5)
- CEIP As Fontiñas (Rúa Roma 15)

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

OBXECTIVOS ESPECIFICOS:

- Promover actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Potenciar actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural.
- Dar a coñecer que é o medio ambiente, a natureza e a importancia que ten que todos debemos coidar dos mesmos.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

HORARIOS E SERVIZOS QUE SE OFRECEN:

De 7,45 h. ata ás 15,30 h., coas seguintes modalidades:

- De 7,45 a 9,00 h. Servizo de Madrugadores con e sen almorzo
- De 9,00 ás 14,00 h. Obradoiros e Actividades
- De 14,00 ás 15,30 h. Servizo de Comedor

TIPO DE ACTIVIDADES

Dentro do programa, intercalaranse actividades LUDICAS, DEPORTIVAS, XOGOS E OBRADOIROS.

INSCRICIÓN

PRAZO DE INSCRICIÓN

Do 23 de maio ao 2 de xuño 2012.

ESCOLAS DE VERÁN 2012

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

Prazo de inscrición: Do 23 de maio ao 2 de xuño

FORMA DE INSCRICIÓN E LUGAR DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

Mediante a ficha de solicitude correspondente que deberá entregarse cuberta no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, 4) ou no auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal o Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16), en persoa ou por correo certificado, baixo a epígrafe Programa Municipal de Conciliación ESCOLAS DE VERÁN 2012. Ademais, poderán presentarse en calquera dos rexistros ou oficinas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

CRITERIOS DE ADMISIÓN

Poderá participar calquera neno ou nena que curse estudos en centros de educación infantil e primaria entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria de Santiago. Se existen prazas vacantes atenderanse outras solicitudes.

En caso de non cubrirse un número mínimo de participantes en cada escola, fixado en 20 matriculados, non se realizará a actividade.

Atenderanse solicitudes con carácter puntual no caso de existir prazas dispoñibles, unha vez finalizado o proceso de inscrición.

A inscrición no programa supón a aceptación e o compromiso das normas emitidas polo Concello de Santiago. O incumprimento das mesmas dará lugar á perda do dereito de participación neste programa municipal.

Aplicaranse descontos do 20% aos participantes que acrediten ser familia numerosa e se participan dous o máis irmáns nesta mesma oferta (estes descontos non son acumulativos).

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Ficha de inscrición, cuberta (pódese descargar na www.santiagodecompostela.org)
- Unha fotografía.
- Copia do título de Familia Numerosa (se é o caso).
- Fotocopia cartilla sanitaria.

No momento do pago deberán indicar o nome do/a neno/a e a modalidade na que participa.

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA: unha vez rematado o prazo de inscrición darase a coñecer o prazo de formalización de matrícula, o número de conta donde realizar o ingreso e a relación de admitidos e excluídos.

MODALIDADES E PREZOS

PREZOS

SERVIZO	DÍAS SOLTOS (Prezo por día)
Madrugadores sen almorzo	2 €
Madrugadores con almorzo	2.5 €
Comedor	6 €
Actividades	5 €